

Campus de Vigo

Escola de
Enxeñaría
Industrial

Máster universitario en
prevención de riscos
laborais

Rama de coñecemento	Tecnolóxica
Prazas ofertadas	50
Créditos ECTS totais	60
Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado	9
Presencialidade	Presencial
Universidades participantes	Universidade de Vigo

Descrición

O presente mestrado impártese na Escola de Enxeñaría Industrial, na sede do campus (As Lagoas, Marcosende), cunha duración dun curso académico (60 créditos ECTS), e cumpre co sistema do espazo europeo de educación superior (EEES).

Trátase dun mestrado que proporciona a formación necesaria para desenvolver funcións superiores no ámbito da prevención de riscos laborais. O seu plan de estudos está deseñado de maneira coherente co programa formativo que figura no anexo VI do RD 39/1997, de servizos de prevención de riscos laborais, de acordo co que dispón o RD 337/2010. As especialidades que desenvolve o mestrado son as tres previstas neste real decreto: hixiene industrial, ergonomía e seguridade no traballo.

Perfil de ingreso recomendado

O mestrado ten carácter multidisciplinario, polo que pode acceder quen posúa unha titulación universitaria, grao ou equivalente (diplomatura, licenciatura, enxeñaría ou arquitectura).

Ao impartirse nunha escola técnica, no caso de producirse unha preinscrición maior que o número de prazas ofertadas, terá prioridade o alumnado de grao en enxeñaría (Mecánica, Eléctrica, Electrónica e Automática, Organización Industrial, Tecnoloxías Industriais, Enerxía, Recursos Enerxéticos, Química e Forestais) ou quen proceda das antigas enxeñarías industriais, tanto superior como técnica.

Saídas profesionais

- Servizos de prevención alleos á empresa
- Servizos de prevención propios e mancomunados
- Mutuas de accidentes de traballo
- Auditoras e certificadoras de sistemas de xestión de prevención de riscos laborais
- Organismos públicos

Máis información

Coordinador	José Luis Míguez Tabarés
Páxina web do mestrado	http://masterprl.es/
Páxina web do centro	http://eei.uvigo.es/
Código RUCT	4310398
Enlace ao RUCT	https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&codigoTipo=M&CodigoEstudio=4310398&actual=estudios
Teléfono	986 812 212
Enderezo electrónico	Sec-prl@uvigo.es